



Marzo de 2025

Lingua e responsabilidade

Que podemos facer nun momento de emerxencia lingüística?


Poderíamos, mais non queremos, falar de datos, nin dos que sabemos, nin dos que descoñecemos porque quedaron fóra do foco avaliador; nin dos que nos queren vender, porque non comungamos con rodas de muíño e non imos perder tempo con quen desfigura a realidade cando esta non lle dá a razón.


Na conxuntura na que nos atopamos e como movemento de renovación pedagóxica que somos, pensamos que este é o momento de reflexionar e de actuar. Non nos sentimos cómodas co papel que está xogando a institución educativa en relación á lingua, e aínda que o contexto non sexa facilitador, hai marxe para abrimos unha fenda creativa e esperanzadora porque o traballo arredor da lingua e da cultura, como todo esforzo pedagóxico, é tamén un cometido ético.

Moitas persoas pensamos que xa o temos todo claro e que facemos xa moito pola lingua, mais se cadra non vén mal repasarmos este texto e verificar que estamos a actuar con responsabilidade e con honestidade. Nunca vén de máis reflexionar e facer algo de autocrítica, porque nós, o colectivo do profesorado, temos sempre responsabilidade. Por iso, queríamos dicirvos que:

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que nos preocupemos de saber se hai **alumnado galegofalante** nas nosas aulas que agocha a lingua. Tanto cando empeza con tres anos, coma se os collemos con dez ou con quince. Ese alumnado precisa de coidados e empoderamento, precisa que se valore a lingua que trae da casa, precisa que se di, segundo a zona, "a *ghaliña* está *segħa*" ou "*nosoutros* e o teu *irmao*", ninguén se ría e menos que a persoa docente lle diga que fala mal.





Cómpre que dediquemos tempo para louvarlle os seus coñecementos léxicos porque sabe cando algo *escacha*, *esgaza*, *fende* ou se *esnaquiza*, mentres para outros todo “rompe”. E tamén para louvarlle os seus coñecementos fonéticos porque sabe diferenciar perfectamente se “ves” ou se “vés”, e tamén entre “non hai présa” e “no-nai presa”; porque nunca empeza unha frase por un pronome átono, nin “diche nada” do mal que o pasa cando só valoras aquelas interferencias (que debe evitar, obviamente) pero que non son as máis graves. Hai moitos xeitos de corrixir un “jueves”, un “abuelo” ou un “por exemplo”, sen que o falante sinta que a súa lingua, o patrimonio que trae da casa, non serve para nada, sen que continúe a pensar que o que fala non ten valor. Empoderar este alumnado, porque realmente ten uns coñecementos moi valiosos, para que sirva de modelo e de exemplo a seguir, é un deber que temos para evitar que mude de lingua pola presión ambiental. E lembremos que empoderar significa que debemos conseguir que o alumnado se sinta

cómodo, non podemos caer en crearlle máis un estigma.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que **coidemos** minimamente o **código** da nosa lingua, porque é importante usarmos un galego de calidade, libre de interferencias do castelán. Porque nós non podemos usar de xeito habitual “jueves”, “abuelo” nin “por exemplo” nin sequera no rexistro coloquial dun centro educativo; mais tampouco podemos colocar os pronomes mal, e temos que esforzarnos por, se fixese falta, mellorar a nosa fonética.

Que ao tempo que transmitimos a utilidade do galego máis alá das nosas fronteiras, que liguemos o galego coa lusofonía e que nesa ligazón recuperemos léxico, estruturas, morfoloxía... que se están a perder ou que xa se perderon.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que entendamos que se a nosa lingua habitual ou cotiá, a que temos na casa, é o castelán, non debe ser un obstácu-



lo para desenvolvérmonos en galego de xeito habitual; isto axudaranos a mellorar a competencia, e sobre todo, a **crear modelos de uso**. Porque somos modelos non só nas aulas, hai moitos espazos para a comunicación nun centro educativo, á marxe dos que regula a lexislación: corredores, horas de garda, patios, comedores, actividades varias...

E se non sentimos comodidade para falar con soltura o galego, deberíamos considerar as seguintes cuestións. Nunca se falou ben unha lingua non materna sen antes pasar polo proceso de falala regular, algo que tamén ten que ter en conta aquel profesorado que non valora e non axuda a quen está a facer este esforzo. Ademais de que é imprescindible activar mecanismos, máis ou menos regrados, para revisar e aumentar os nosos coñecementos, tamén cómpre, dun lado, solicitar **formación e axuda** e, do outro, ter empatía e disposición a darnos axuda.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que nos esforcemos o máis posible para que o noso alumnado adquira a **competencia** necesaria en lingua galega, facendo un esforzo especial nas zonas máis desgaleguizadas, onde a escola é o único espazo onde a rapazada ten contacto coa lingua. E lembremos que, para que o alumnado sexa competente, temos que ensinar e avaliar por competencias, e que todo o profesorado debe avaliar a competencia lingüística, sexa da materia que sexa. Alén diso, é imprescindible que o ensino do galego non fiquese asentado no excesivo gramaticalismo, nin que o único obxectivo sexa que aprenda o, sempre necesario, código.

Cómpre ademais que incidamos nas actitudes e na potenciación dos usos lingüísticos entre o alumnado e que se fomentemos unha lectura crítico-propositiva da situación de vulnerabilidade na que se atopa o noso patrimonio cultural, do que forma parte a lingua. Conseguir-



mos cidadanía preocupada pode ser o xermolo para que —como sucede noutros eidos sociais— queira formar parte activa de remuda desa realidade.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que procuremos **dialogar** e se é o caso transmitirlles ás nais, pais e familias do alumnado e ás ANPAS que necesitamos delas e deles para dar/ter seguridade, confianza e colaboración para que o galego da rapazada se afiance e mellore como lingua querida, que suma e que a todas as persoas nos fai máis cultas e dialogantes.

Que procuremos tamén **dialogar** de forma constante co resto do profesorado das diferentes materias, pero sobre todo co profesorado das diferentes materias lingüísticas para ter sempre en activo o **tratamento integrado de linguas**, imprescindible nunha sempre necesaria renovación pedagóxica.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que retomemos con maior decisión o espírito normalizador dos primeiros anos e que o cansazo non nos venza con facilidade, porque non hai nada peor ca perder a esperanza. Se nos unimos e partillamos experiencias e proxectos, se nos coordinamos e nos apoiamos, o camiño faise máis doado.

Non se poden ver como feitos illados as actividades desenvolvidas por Equipos de Normalización Lingüística. As Campañas dos “21 días co galego” ou “Modo galego activo” ou outras menos coñecidas coma “Unha semana enteira” para animar ao uso do galego por un período máis ou menos curto, a recoñecida “Aquí tamén se fala” (igual ca moitísimas outras experiencias normalizadoras marabillosas e moi loables, que teñen pouca ou ningunha difusión pero que moven moitas consciencias, e que poden ir desde a elaboración e produción de programas de radio ata a organización de clubs de debate) deben entrar nunha **planificación**




normalizadora adaptada a cada centro e a cada zona.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que creamos no **labor dos Equipos** que sobreviven sen apoio institucional e sen cartos, mais que poden ser unha ferramenta poderosa porque **crean un espazo de convivencia** entre profesorado e alumnado unidos pola lingua e que pode ser **transversal** á ciencia, á biblioteca e a moitos outros espazos onde sempre hai que estar. Daquela desde os equipos directivos tense que velar para que un Equipo poida funcionar, para o que debe ter horas de reunión, horas de traballo e apoio de todo tipo. Cando se cre nun proxecto dun centro, neste caso sería o normalizador, iso acábase notando e transcendendo a toda a comunidade educativa. O apoio á lingua percíbese, aínda que non se verbalice directamente.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que teñamos disposición a **escoitar** alumnado e profesorado. Atender gustos dunha parte, necesidades doutra e inseguridades de ambas. E atender isto vai significar que en moitos centros hai que **mover marcos** para ligar o galego coa modernidade e ofrecerlle á rapazada actividades do seu interese, nas que se sintan partícipes. Vai significar tamén que hai que axudar o profesorado que cumpre coa lexislación e ten obstáculos; mais tamén o que se declarou insumiso como forma de protesta ante a prohibición que sofre a lingua minorizada como lingua vehicular de moitas materias. Cómpre apoiar o profesorado que dá aulas en galego en territorios moi hostís, cómpre axudar o profesorado que usa a lingua por un compromiso firme con ela e que recibe continuamente presións. Cómpre saber as razóns que levan a que o profesorado que ten obriga de empregar o galego non o faga. Cómpre buscar a complicidade de quen non usa o galego mais está disposto a botar unha man para que non se perda.



Cómpre entón saírmonos da nosa particular burbulla de seguridade para establecer pontes e atraer ao compromiso normalizador a máis docentes.

- **Cómpre que actuemos con responsabilidade e...**

Que nos amosemos sempre en disposición de acollida con toda a comunidade educativa para transmitirmos, con afoiteza, discursos novos e non tan novos pero necesarios. **Mudarmos o relato para mudarmos o imaxinario social** que aínda pesa de xeito negativo sobre a lingua é unha misión que non debemos abandonar. Enviar a mensaxe, coas plataformas, medios, códigos e altoparlantes que teñamos dicindo que “Todas as linguas suman” e que “non existe o plurilingüismo se non é inclusivo e desde o galego”.

Participemos de forma activa na redacción e implementación dos Proxectos Lingüísticos de Centro, apostemos porque sexan documentos funcionais, serios e participativos, que teñan o peso que lle corresponde nun sistema educativo que ten que ser cada vez máis competencial.

Cómpre que actuemos con responsabilidade e con honestidade e que, na medida das nosas posibilidades, poñamos a nosa paixón e o noso tempo para achegarmos o noso gran de area no ámbito educativo.


Estas reflexións que compartimos querren formar parte dunha folla de ruta proactiva, na que poidamos identificar un camiño normalizador e vizoso para a nosa lingua, e recoñecérmonos nós como axentes construtores desa realidade. Sabemos que hai máis propostas que se poden facer para irmos andando con seguranza. Pedímosvos – pedímosche- que se tes algo que engadir, clarificar ou propoñer non dubides en contactar connosco.

Marzo 2025



O noso agradecemento ao debuxante Xoán Andrade de quen tomamos prestada unha viñeta do seu blog *Pingas de humor crítico*, a Xosé Tomás pola viñetas de *Docentes* e á Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, que nos permitiu compartir algunhas imaxes dos seus almanaques, ilustrados por Luís Davila.

A NOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



engádeste?
engádeste?
engádeste?



www.nova-escola-galega.org

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

Nova Escola Galega · Rúa Luís Freire, 5, baixo · 15706 - Santiago de Compostela (A Coruña)
Tfno./Fax 981.56.25.77 · www.neg.gal · neg@neg.gal
Asociación declarada de Utilidade Pública (Orde INT/2335/2008, BOE 5/8/08)